

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2024 pola que se dá publicidade á encomenda de xestión á Fundación Semana Verde de Galicia para a posta á disposición dos espazos precisos e os traballos de apoio para a organización das probas selectivas de diversas categorías de persoal estatutario do Sistema sanitario público de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade da encomenda á Fundación Semana Verde de Galicia, do 29 de febreiro de 2024, para a posta á disposición dos espazos precisos e os traballos de apoio para a organización das probas selectivas de diversas categorías de persoal estatutario do Sistema sanitario público de Galicia.

– Actividades: posta á disposición dos espazos precisos e os traballos de apoio para a realización das probas selectivas do Servizo Galego de Saúde para a cobertura de 163 prazas das categorías estatutarias de facultativo/a especialista en alergoloxía, anatomía patolóxica, anestesioloxía e reanimación, anxioloxía e cirurxía vascular, aparello dixestivo, cardioloxía, cirurxía cardiovascular, cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, cirurxía torácica, cirurxía xeral e do aparello dixestivo, dermatoloxía médico cirúrxica e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, hematoloxía e hemoterapia, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina interna, medicina preventiva e saúde pública, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, neurocirurxía, neuroloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica, otorrinolaringoloxía, pediatria e as súas áreas específicas, pneumoloxía, psicoloxía clínica, psiquiatría, radiodiagnóstico, reumatoloxía, uroloxía, xeriatria, médico/a admisión e documentación clínica, médico/a asistencial do 061 e médico/a coordinador do 061.

O total de aspirantes admitidos/as nestas probas ascende a 1.704.

A actividade encomendada inclúe a posta á disposición dos espazos para a realización das probas co mobiliario e equipamento necesarios (megafonía, 1 pantalla LED con cronómetro, 6 pantallas de TV de 55", cadeiras e mesas individuais, material de imprenta e sinalización), servizo de vixilancia e seguridade, persoal de servizos múltiples, sistema de seguridade antimóvil-detector de metais, calefacción (en función da situación climatolóxica), regulación de aparcadoiros, servizos de limpeza, módulos de sanitarios portátiles,



conexión á internet por cable, servizo de imprenta, dúas fotocopiadoras, e servizos de restauración para persoal da organización.

– Natureza e alcance da xestión encomendada: a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico.

O artigo 10 desta lei prevé os instrumentos e procedementos para facer efectivos os principios de cooperación, colaboración e asistencia, entre os que se encontran as encomendas de xestión, reguladas especificamente no artigo 13, que remite á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga).

O artigo 10 da Lofaxga prevé a posibilidade de encargar a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante mediante resolución unilateral. A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público autonómico de acordo co artigo 113 da Lofaxga, na medida que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, está formado en máis dun 50 % por bens e dereitos achegados ou cedidos pola Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 47 da Lofaxga, ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Xunta de Galicia.

– Prazo de vixencia: o encargo terá unha duración comprendida entre a data da súa sinatura e o 23 de marzo de 2024, tendo en conta as datas de realización das probas e o período de sete días previos e posteriores a elas, para o depósito e retirada de materiais.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2024

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

